

PREGO DE CONDICIONS

1. OBXECTO A CONTRATAR

Contratación dun servizo de asistencia técnica do **proxecto LACES – Código 0129 LACES 1E** – con financiamento europeo do FEDER ao 75% e no marco do programa Interreg V-A España-Portugal POCPET 2014-2020, para :

- o deseño, maquetación e elaboración dos contidos, en español e portugués, dunha axenda no ámbito do sector TIC e guía resumo da mesma, para o fomento da creación e consolidación de empresas de economía social.
- o deseño dun módulo formativo, en español e portugués, para a creación e consolidación de empresas de economía social no sector TIC.

A axenda sectorial deberá conter a seguinte información, cunha extensión aproximada de 40 páxinas :

- **Antecedentes** : A Economía Social na Eurorexión Galicia – Norte de Portugal.
- O proxecto transfronteirizo **LACES**
- **Radiografía do sector TIC** : Principais magnitudes en Galicia e Norte de Portugal / Tendencias de crecemento a longo prazo e potencial de creación de empresas no sector.
- **A Economía Social no sector TIC** : Participación da Economía Social no sector / Contribución da Economía Social ao desenvolvemento do sector. Diagnose do potencial sectorial e da idoneidade dos recursos e medios / Visión a longo prazo do papel da economía social / Análise DAFO do papel da Economía Social.
- **Casos de éxito a nivel internacional** de creación e consolidación de empresas de economía social no sector TIC.
- **Plan Director** de estímulo da creación e consolidación de empresas de economía social no sector TIC : Detección de oportunidades de negocio / Ferramentas de oportunidade para detectar oportunidades / Programa de actuacións para a creación e consolidación de empresas de economía social no sector TIC.
- **Sistema de avaliación e seguimento** do plan de creación e consolidación de empresas de economía social no sector TIC
- **Anexos**

A elaboración dos contidos da axenda sectorial, tamén conlevará como mínimo a realización dun mesa de traballo co tecido do sector TIC e entidades de formación deste sector, e con empresas da economía social no seu conxunto.

A guía resumo dos resultados da axenda do sector TIC, deberá conter a seguinte estrutura :

- Tendencias a medio e longo prazo do sector.
- Relación de oportunidades de negocio detectadas
- Análise das vantaxes para o aproveitamento das oportunidades de negocio detectadas, que achega a economía social fronte a outras formas societarias.

O deseño do módulo formativo para a creación e consolidación de empresas de economía social no sector TIC, deberá ter as seguintes características :

- Obxectivos, contidos, metodoloxía e avaliación que permitan desenvolver un total de 80 horas formativas en formato en liña a través dunha plataforma, dirixido a persoas emprendedoras e entidades de economía social en activo.

A asistencia técnica debe prever os seguintes servizos complementarios

- Coordinación e apoio ao persoal técnico de ESPAZOCOOP, no obxecto do contrato.
- Recopilación e entrega de toda información e documentación de tipo primaria xerada no desenvolvemento da axenda.

Orzamento máximo para os servizos a contratar: 12.000 euros Sen IVE

Tipo de procedemento : Contrato menor por adxudicación directa baixo publicidade e concorrência.

Contrata : Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP

2. SELECCION DAS OFERTAS PRESENTADAS

Realizarase por parte do equipo directivo de ESPAZOCOOP e teranse en conta os seguintes criterios para as ofertas e entidades licitadoras :

- Experiencia contrastada nos servizos obxecto de contratación.
- Formación, coñecementos e experiencia de traballo no ámbito do cooperativismo e a economía social.
- Capacidade de adaptación de metodoloxía e procesos ao cooperativismo e a economía social.
- Memoria técnica (obxectivos; contidos; metodoloxía; cronograma; recursos;...)
- Oferta económica, co detalle do orzamento por servizo a contratar.

- Currículo da entidade licitadora, traballos máis destacados e experiencia a respecto dos servizos que se contratan, e do persoal técnico da oferta.
- Medidas de responsabilidade social da entidade licitadora
- Intercooperación con outras entidades, se facilita un mellor desenvolvemento e calidade dos servizos a contratar.

Melloras :

- a existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- o emprego da lingua galega nos documentos e actividades que conleve a presentación da oferta e realización do servizo.

As licitadoras deberán comprometerse de forma expresa, á adscrición do equipo de traballo proposto para a execución do contrato, que deberán formar parte da estrutura da/s entidade/s.

Non se admite subcontratación das actividades obxecto deste contrato.

As adjudicatarias e os criterios de adjudicación faranse públicos no espazo da web de ESPAZOCOOP habilitados a tal efecto.

3. PRESENTACION DE SOLICITUDES

Duración do contrato : á entrega de servizos e produtos resultantes, informados de forma debida. En todo caso, esta entrega producirase antes do 24 de Decembro de 2017

Prazo para a presentación de ofertas : 10 días naturais contados a partir do da publicación do anuncio, e até as 15.00 h.

Presentación de ofertas : por correo electrónico, indicando o obxecto da contratación, con envío a ramon@espazo.coop

Santiago de Compostela, 4 de Outubro de 2017

Constantino A.Gago Conde

Xerente de ESPAZOCOOP